

## CONCURSO DE ESCAPARATES DO NADAL

### PRIMEIRA. Entidade organizadora

A entidade organizadora é o Concello da Pobra do Caramiñal, a través da Concellaría da Promoción Económica.

### SEGUNDA. Obxecto do concurso

O presente concurso ten por obxecto incentivar que o comercio polo miúdo do noso concello decore os seus establecementos de xeito que contribúa a facelos máis atractivos ás persoas que os visitan e se visualice a calidade dos seus produtos e servizos a través desta campaña.

### TERCEIRA. Participantes

Poderán participar tódolos comercios e establecementos de venda polo miúdo que posúan escaparate, situados no municipio da Pobra do Caramiñal.

### CUARTA. Temática

O tema a desenvolver na decoración dos escaparates será relativo ás Festas do Nadal.

### QUINTA. Desenvolvemento do concurso

É necesaria a inscrición previa a través do seguinte formulario:  
<https://forms.gle/PADzspAJR5Tpv9cz8>

O prazo da inscrición será dende o 1 ata o 8 de decembro, ámbolos dous incluídos.

A montaxe dos escaparates deberá estar finalizada antes do día 11 de decembro. Para comprobar que efectivamente é así, deberase enviar un correo electrónico ó enderezo [promocioneconomicapobra@gmail.com](mailto:promocioneconomicapobra@gmail.com) con, polo menos, 2 fotografías nas que se aprecie.

Os escaparates deberán permanecer expostos polo menos ata o día 1 de xaneiro incluído.

### SEXTA. Xurado

O xurado estará composto por 3 persoas escollidas pola Concellaría da Promoción Económica e pasarán a visitar os escaparates participantes.

O ditame será publicado nas redes sociais e na páxina web municipais.

A decisión do xurado será inapelable, podendo declarar deserto este certame por motivos xustificadas e deixar sen efecto a concesión do premio.

Os aspectos a valorar por parte do xurado serán:

- Exposición do produto

- Ambientación do Nadal
- Orixinalidade dos elementos decorativos

#### SÉTIMA. Premios

1º premio: Realización de 6 escaparates por unha persoa técnica en escaparatismo e márketing visual durante o ano 2024

2º premio: Realización de 4 escaparates por unha persoa técnica en escaparatismo e márketing visual durante o ano 2024

3º premio: Realización de 2 escaparates por unha persoa técnica en escaparatismo e márketing visual durante o ano 2024

As datas de realización serán entre os meses de febreiro e novembro de 2024, a concretar entre as persoas titulares dos establecementos e o persoal técnico que o leve a cabo.

OITAVA. A participación no concurso implica a aceptación destas bases.